



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL
AUGAS DE GALICIA E A FUNDACIÓN ENXEÑERÍA CIVIL DE GALICIA (FECG), PARA
A REALIZACIÓN DUNHA ESTRATEXIA DE INTERNACIONALIZACIÓN E
CONSOLIDACIÓN DA PRESENZA NO EXTERIOR DO SECTOR GALEGO DA AUGA**

Santiago de Compostela, a 1 de setembro de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, Beatriz Mato Otero, conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, nomeada polo Decreto 122/2015, do 4 de outubro (DOG núm. 190, do 05.10.2015), en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, de acordo co artigo 13 da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010 e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro.

E de outra parte, Juan Sanmartín Ferreiro, presidente do Patronato da Fundación de Enxeñaría Civil de Galicia (FECG), con domicilio para os efectos de este convenio na Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade de A Coruña, Campus de Elviña, s/n, 15192 A Coruña, e con NIF 32771912V; en nome e representación da FECG, en virtude da Orden de 9 de febreiro de 1994 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG núm.46, do 08.03.1994), pola que se declara á Fundación de interese galego e apróbanse os seus Estatutos.

As partes recoñécense mutuamente a capacidade legal suficiente na que interveñen para o outorgamento do presente convenio de colaboración e a tal efecto

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia (DOG núm. 222, do 18.11.2010) e regulada polo Decreto 32/2012, do



12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto (DOG núm. 9, do 13.01.2012) é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.

Augas de Galicia é a entidade responsable en materia de augas no ámbito das competencias que corresponden á Xunta de Galicia. Polo que corresponde a Augas de Galicia a defensa e a promoción do sector galego da auga. Tamén de acordo co Estatuto de Augas de Galicia, realiza funcións relativas á cooperación nacional e internacional en materia de infraestruturas hidráulicas.

SEGUNDO.- A Fundación Enxeñería Civil de Galicia (FECG) é unha organización de natureza fundacional, de interese galego, vinculada á Universidade da Coruña, constituída sen ánimo de lucro, cuxo patrimonio está afectado, de modo duradeiro á realización dos fins de interese xeral propios da institución.

TERCEIRO.- A FECG, tal e como se recolle nos seus estatutos fundacionais, persigue a consecución, entre outros, dos seguintes fins: promover a investigación científica, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación; impulsar o desenvolvemento técnico e a colaboración con outras institucións españolas e internacionais; fomentar a incorporación e o desenvolvemento de novas tecnoloxías; favorecer a investigación de grupos investigadores especialistas nos distintos campos de actuación (entre os que se atopa o sector da auga); facilitar o intercambio e a transferencia de coñecementos entre os grupos dos distintos axentes do sistema de ciencia-tecnoloxía-empresa; coordinar a realización de estudos a solicitude de entidades, institucións e empresas e promover convenios de colaboración entre a Fundación e empresas, tanto públicas como privadas, para o desenvolvemento do obxecto fundacional e a canalización das transferencia de tecnoloxía.

CUARTO.- La FECG acredita unha dilatada traxectoria en proxectos en colaboración cos distintos sectores vinculados a auga tanto a nivel galego, como nacional e internacional.

QUINTO.- É de interese de Augas de Galicia e da FECG continuar coa labor de cooperación que ven desenvolvendo nos últimos anos e aproveitar esta experiencia para

a defensa e promoción do sector galego da auga dándolle proxección internacional; fomentando a investigación, a transferencia de coñecementos e tecnoloxía, a colaboración con outras institucións internacionais e a coordinación de estudos e estratexias no sector. Así, ámbalas dúas partes pretenden elaborar, dun xeito conxunto, unha estratexia que permita ao sector colaborar con outros organismos de conca, a nivel nacional e internacional; participar en iniciativas de I+D+i a nivel internacional; participar en proxectos de cooperación ao desenvolvemento e transferencia de coñecemento e promover e fomentar a expansión do modelo galego de xestión. Esta colaboración permitirá axuntar a experiencia en xestión de Augas de Galicia coa capacidade de xerar coñecemento e de ofrecer formación da fundación, o que supón unha clara complementariedade á hora de asumir proxectos de colaboración orientados a promover o desenvolvemento de entidades homólogas no exterior.

SEXTO.- Considerando que todas as partes comparten un interese común e coincidente, FECCG, en calidade de entidade promotora/coordinadora non pretende con esta actuación acadar un beneficio económico, motivo polo cal Augas de Galicia só financiará á fundación en concepto de compensación dos gastos nos que aquela incorra para a realización das actividades conveniadas.

SÉTIMO.- De acordo co artigo 20.2.c da citada Lei de augas en relación co artigo 2.2 do seu Estatuto, Augas de Galicia poderá celebrar convenios con outras administracións públicas e empresas e institucións públicas e privadas, de conformidade coa lexislación vixente en materia de contratación ou, no seu caso, en materia de subvencións.

Dado que o obxecto deste convenio non está comprendido no dos contratos regulados no Texto Refundido da Lei de contratos do sector público ou en normas administrativas especiais, queda excluído do ámbito de aplicación do citado texto refundido, de conformidade co seu artigo 4.1 d).

En consecuencia as partes acordan a subscripción deste convenio de colaboración, con suxeición ás seguintes



CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto deste convenio de colaboración é o establecemento das condicións que rexerán a cooperación entre Augas de Galicia e a FECG para:

- Por unha banda, elaborar unha estratexia de internacionalización que lles permita as dúas partes identificar e desenvolver, a medio-longo prazo, as oportunidades do sector galego da auga a nivel internacional.
- Por outra banda, continuar coas labores de apoio e asesoramento ás accións internacionais do sector galego da auga

SEGUNDA.- CONTIDO DA COLABORACIÓN

Para o cumprimento do obxecto deste proxecto, crearase un grupo de traballo, formado por persoal de Augas de Galicia e da FECG.

A FECG coordinará e impulsará os traballos do grupo, e realizará en coordinación/colaboración con Augas de Galicia as actividades descritas no Anexo I.

TERCEIRA. OBRIGAS DAS PARTES

A. Obrigas da FECG:

1. Aportar ao grupo de traballo os medios materiais e persoais axeitados e necesarios para a realización das actividades indicadas no Anexo I deste convenio, sen prexuízo de que Augas de Galicia lle compense os custos nos que incorra.
2. Coordinar o grupo de traballo e impulsar os traballos do grupo, e executar as actividades descritas no anexo I deste convenio.
3. Proceder ao reintegro, total ou parcial, da compensación económica percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.
4. Facilitar a información que sexa requirida pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio en relación coa xustificación do convenio, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o

Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control de destino de axudas.

Augas de Galicia comprométese a:

1. Aportar ao grupo de traballo os integrantes do mesmo, máis axeitados para a realización, en cada fase, das actividades indicadas no Anexo I deste convenio.
2. Participar no financiamento das actividades mediante a entrega dunha subvención á FECG, de conformidade co sinalado na cláusula terceira deste convenio.

CUARTA.- RÉXIME DE FINANCIAMENTO.

En relación co financiamento das actuacións realizadas pola FECG, como coordinadora do grupo de traballo, en virtude do obxecto deste convenio, Augas de Galicia aportará unha contía máxima de 74.550,00 € con cargo ao seu programa de actuacións, investimentos e financiamento, e o gasto imputarase á conta 6518 "Subvencións correntes a familias e institucións sen fin de lucro" do Plan xeral de contabilidade pública de Galicia, coa seguinte distribución de anualidades:

2016: 24.850,00 €

2017: 49.700,00 €

Esta axuda ten o carácter de "axuda de minimis", exenta, en aplicación do Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, de 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas minimis (DOUE 24.12.2013, L352/1).

QUINTA.- LIBRAMENTO ANTICIPADO DA SUBVENCIÓN E RÉXIME DE XUSTIFICACIÓN DAS AXUDAS POR PARTE DO BENEFICIARIO

De acordo co disposto no artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, Augas de Galicia concederá un anticipo do 100% do importe da axuda de cada anualidade co fin de que a Fundación conte co financiamento preciso para levar a cabo os servizos obxecto do convenio.

Coa solicitude de anticipo a FECG deberá presentar xustificación de que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social, e que non ten pendente ningunha outra débeda coa administración autonómica de Galicia.



En aplicación dos artigos 65.4 f) e 67 do Regulamento de Subvencións FECG queda exonerado da constitución de garantías.

En canto ao réxime de xustificación de gastos será de aplicación o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En consecuencia, a FECG, na súa condición de beneficiario, asume os compromisos establecidos no artigo 11 da citada Lei, e en concreto:

- a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- b) Xustificar ante Augas de Galicia, a realización das actividades e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o goce da subvención.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará Augas de Galicia, así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- d) Comunicarlle a Augas de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. E presentar unha declaración das axudas recibidas en concepto de minimis no exercicio corrente e nos dous anteriores.
- e) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

Considéranse gastos subvencionables ademáis dos costes directos para a execución das actividades que constan no Anexo I a este convenio, os custos indirectos, é dicir, os gastos indirectamente imputables á actividade subvencionada, os cales non deberán ser superiores ao 5% do investimento total.

En canto ao réxime de xustificación dos gastos, a FECG asume como beneficiario as seguintes obrigas:

- De acordo co previsto no artigo 28 da Lei 9/2007, unha vez rematadas as actuacións, deberá ser xustificado perante Augas de Galicia o cumprimento das



condicións da execución e a consecución dos obxectivos previstos. A tales efectos, e en todo caso antes do 15 de decembro do exercicio correspondente, a FECG achegará as correspondentes facturas, xunto cos seus xustificantes de pago, nas que se farán constar os gastos ocasionados e os distintos conceptos, acompañada da oportuna certificación sobre as actuacións realizadas.

Respecto dos custos indirectos á actividade subvencionada, a FECG remitirá unha certificación na que se detalle o importe dos gastos indirectamente imputables á actuación obxecto do presente convenio, os cales non deberán ser superiores ao 5% do investimento total.

- Facilitar, se fose o caso, toda a documentación que requira a Intervención da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas de Galicia, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente acordo.
- Comunicar a Augas de Galicia, se fose o caso, as alteracións nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto do presente acordo e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais aos efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio.
- Reintegrar a Augas de Galicia de acordo co artigo 33 da Lei 9/2007, a cantidade total ou parcial da axuda establecida, e dos xuros de demora devindicados dende o momento do seu pagamento neste convenio para o caso de incumprimento das condicións nel establecidas.

A concesión de axudas deste convenio queda supeditada ao cumprimento da normativa vixente. Neses termos, serán compatibles con calquera outras axudas públicas ou privadas pero, en ningún caso, poderán superar os límites máximos de intensidade de axuda establecidos na normativa da Unión Europea.

Asemade, no caso de tratarse dunha actividade financiada ademais de coa subvención con fondos propios, deberá acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O incumprimento desta

xustificación, ou a súa insuficiencia, implicará o reintegro desta axuda, nos termos fixados no artigo 33 da Lei 9/2007

No suposto de que a FECG non xustifique o gasto pola cantidade anticipada a 15 de decembro, a diferenza entre a cantidade recibida e os pagos xustificados restarase do importe da axuda a abonar na anualidade do exercicio seguinte. No caso de que a dita compensación non sexa posible, a FECG reintegrará a Augas de Galicia a diferenza entre a cantidade recibida e a xustificada.

En ningún caso a achega de Augas de Galicia será superior as cantidades estipuladas neste convenio.

SEXTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constituirase a iniciativa de calquera das partes unha comisión de seguimento do presente convenio, formada por un representante de cada unha das partes, que asumirá as seguintes funcións:

- Impulsar e avaliar o cumprimento do convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Interpretar, en caso de dúbida, o contido do presente convenio.
- Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na súa aplicación.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do convenio.

SÉTIMA.- VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e manterá a súa vixencia durante doce meses.

OITAVA.- PERSOAL

A subscripción deste convenio non leva consigo modificación da relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian a desenvolver as actividades e Augas de Galicia, de tal xeito que non se lles pode esixir responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo, aos efectos do establecido no artigo 43 do Estatuto dos Traballadores.

NOVENA.- PUBLICIDADE

Con carácter xeral, en todos os documentos que se xeren como consecuencia deste convenio debe figurar de xeito expreso a participación tanto de Augas de Galicia como da FECG mediante a inserción dos seus logotipos, así como o da Xunta de Galicia.

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

DÉCIMA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Este convenio poderá resolverse por algunha das seguintes causas:

- Polo incumprimento grave do seu contido ou das obrigas das partes, sen prexuízo dos danos e responsabilidades imputables ao causante.
- Por mutuo acordo

UNDÉCIMA.- NATUREZA DO CONVENIO

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico - administrativo.



A xurisdición competente para resolver as cuestión litixiosas que poidan xurdir é a contencioso – administrativa.

En todo o non disposto por este convenio, no que o réxime de financiamento se refire, estarase ao disposto na normativa de aplicación en materia de axudas e subvencións, máis concretamente na Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia e no seu Regulamento de desenvolvemento.

En proba de conformidade cos termos deste convenio, as partes comparecentes asínano e rubrican por triplicado exemplar e a un só efecto no lugar e data arriba sinalados.

A presidenta de Augas de Galicia

Beatriz Otero Mato

O presidente do Patronato da
Fundación de Enxeñería Civil de Galicia

Juan Sanmartín Ferreiro



ANEXO I

ACTIVIDADES A DESENVOLVER POLO GRUPO DE TRABAJO

Como punto de partida para desenvolver as accións do plan de traballo, Augas de Galicia e a FECG formarán un grupo de traballo multidisciplinar que traballará coordinado durante a execución de todas as accións.

ÁREA 1: ESTRATEXIA DE INTERNACIONALIZACIÓN DO SECTOR GALEGO DA AUGA

Para a elaboración da Estratexia de Internacionalización do Sector Galego da Auga, o grupo de traballo da FECG e Augas de Galicia traballará en 5 fases:

FASE 1: Diagnóstico do sector

Caracterización do estado e potencial do sector galego da auga a nivel internacional:

- Análise do sector en Galicia: administración, universidade, empresas...
- Análise do sector a nivel nacional: organismos de bacía, centros de investigación, redes, alianzas.

- Análise a nivel internacional: organismo de bacía, redes, alianzas

Para isto o grupo de traballo da FECG e Augas de Galicia realizará:

- Reunións e talleres de traballo internos
- Reunións e talleres de traballo con actores galegos (administración, universidade, empresa...)
- Visitas técnicas e reunións con actores nacionais e internacionais: organismos de conca, redes nacionais e internacionais, etc.

Produto 1: Sector da auga en Galicia: diagnóstico de Internacionalización.

FASE 2: Concreción de liñas estratéxicas

Definición de obxectivos na internacionalización do sector galego da auga e indicadores:

- Definir principios, obxectivo xeral e eixos principais da estratexia (indicadores e fontes de verificación).

Para isto o grupo de traballo da FECG e Augas de Galicia realizará:

- Reunións e talleres de traballo internos
- Reunións cos principais actores de Galicia

Produto 2: Obxectivos e liñas estratéxicas da internacionalización do sector galego da auga.

FASE 3: Desenvolvemento das liñas estratéxicas en propostas concretas

Definición das accións a levar a cabo para desenvolver as diferentes liñas estratéxicas.

- Definir accións, lóxica xeneral, cronograma e presuposto xeral

Para isto o grupo de traballo da FECG e Augas de Galicia realizará:

- Reunións e talleres de traballo internos
- Visitas técnicas e reunións con actores de interese

Produto 3: Plan Estratéxico en internacionalización do sector galego da auga.

FASE 4: Presentación

Evento de presentación da Estratexia de Internacionalización do sector galego da auga.

FASE 5: Preparación e organización de actividades iniciais do cronograma

Posta en marcha e execución das accións identificadas como prioritarias.

ÁREA 2: CONSOLIDACIÓN DA PRESENZA INTERNACIONAL DO SECTOR GALEGO DA AUGA

Paralelamente á elaboración da estratexia, Augas de Galicia e a FECG traballarán coordinadas no desenvolvemento das accións internacionais do sector galego da auga:

- Continuidade a las liñas de traballo xa abertas
- Exploración de novas vías e oportunidades

Para isto o grupo de traballo da FECG e Augas de Galicia realizará:

- Reunións e talleres de traballo internos
- Visitas e reunións a nivel local, nacional e internacional

